

**Comentario posto no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013**  
***O tesouro das ánimas***

“O tesouro das animas” é un libro para min complicado de ler, hai diálogos que me resultaron incómodos e innecesarios na lectura, se a escritora prescindira deles o libro sería máis curto e a lectura máis doada e interesante. A historia en parte é moi actual xa que os pais de Natalia están separados, súa nai vive en Barcelona con outra parella coa que vai ter un fillo, pero como Natalia non ten moita relación con eles non lle importa, pola contra seu pai comeza unha relación con Laura a profesora de Natalia e a ela non lle gusta por que ten a sensación de que lle esta a quitar o seu lugar. Por esa mala relación a historia desemboca nun libro de intriga e misterio que é o que máis me gustou, as constantes adiviñas que nos van achegando ao seu final, que non era de esperar. O final foi o que máis me gustou, por unha banda porque remata ... e por outra por eses momentos de intriga. **(Marcela)**